



DATOS IDENTIFICATIVOS

Historia da arte de Galicia

Materia	Historia da arte de Galicia			
Código	O02G251V01906			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento				
Coordinador/a	Barriocanal López, María Yolanda			
Profesorado	Barriocanal López, María Yolanda			
Correo-e	barriocanal@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.es			
Descrición xeral	Estudo e comprensión dos grandes acontecementos histórico-artísticos de Galicia dende a Idade Media ata o presente. O estudo preséntase mediante a análise das obras de arte máis relevantes, seleccionadas e interpretadas como un documento de excepción dos gustos estéticos e da mentalidade do pasado.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer o territorio (ambiente, sociedade, cultura) dende unha perspectiva diacrónica e sincrónica
B2	Comprender os procesos que se desenvolven en diversas escalas espazo-temporais e en diversos contextos socio-culturais
C5	Integración das dimensións espacial e temporal na explicación dos procesos territoriais
C12	Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado
C19	Coñecemento da historia nacional propia
C25	Visión diacrónica xeneral da Historia da Arte Universal
C26	Visión diacrónica rexional e completa dos fenómenos artísticos territoriais
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Aplicación dos coñecementos
D3	Capacidade de organización e planificación
D4	Comunicación oral e escrita no idioma propio
D5	Capacidade de xestión da información e o coñecemento
D6	Resolución de problemas e toma de decisións.
D7	Capacidade de razoamento crítico

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecemento da Historia, Historia da Arte e Xeografía de Galicia nunha perspectiva comparada	B1 C5 C12 C26

Participación en seminarios, previa realización de lecturas, sobre un tema concreto.	B1	C5	D1 D4 D5 D6 D7
Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, basados en fontes e bibliografía específicas	A2 A4		D1 D2 D3 D4 D5
Coñecemento da contorna próxima, local e rexional, e da súa historia.		B1 C5 C26	D1
Interpretación do medio próximo a partir do coñecemento do pasado.	A5	B1 C12 C19	
Comparación da Historia e Historia da Arte de Galicia con procesos históricos similares no ámbito peninsular e europeo.		B1 B2 C25	

Contidos

Tema	
1. A Arte en Galicia durante a Idade Media	1.1. O Prerrománico: A Arte en Galicia durante a dominación sueva. Arte hispanovisigoda, asturiana, arte mozárabe ou de repoboación
2. Renacemento e Barroco	1.2. O Románico: Tipoloxías arquitectónicas. Pintura e outras manifestacións
3. Manifestacións artísticas na Idade Contemporánea	1.3. O Cister. O Protogótico e a arte Gótica: A arte do Mestre Mateo e a diáspora do seu obrador. Escultura monumental e funeraria
	2.1. O Renacemento. A asimilación da linguaxe clásica. O clasicismo
	2.2 O Barroco: As grandes aportacións deste estilo
	3. Revitalización plástica e novas tendencias nas artes

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	1	1	2
Lección maxistral	14	19	33
Saídas de estudo	10	12	22
Traballo tutelado	10	12	22
Eventos científicos	5	4	9
Seminario	5	10	15
Exame de preguntas de desenvolvemento	3	26	29
Traballo	2	10	12
Observación sistemática	0	1	1
Cartafol/dossier	0	5	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	Toma de contacto cos alumnos para a explicación do programa da materia, actividades a realizar e sistemas de avaliación
Lección maxistral	Clases teóricas nas que o profesor/a explica os contidos teóricos da materia coa axuda de proxeccións de imaxes, power point, documentos e outros recursos docentes
Saídas de estudo	Saídas de estudo fora do ámbito académico para un contacto directo coa obra de arte: visita a exposicións permanentes e temporais, coleccións e fondos museísticos, monumentos e conxuntos histórico-artísticos.
Traballo tutelado	Traballos dirixidos á profundización na materia e ao fortalecemento das capacidades analíticas e expositivas do alumno/a. Consisten na elaboración dun traballo, de carácter individual sobre a dimensión patrimonial dunha determinada parroquia, baseado na consulta das fontes documentais de arquivo (Libros de Fábrica e Libros de Visitas).
Eventos científicos	Saídas programadas para asistir a actividades docentes e divulgativas organizadas por museos ou outras institucións culturais. Reservaranse dúas horas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas polo Departamento de Historia, Arte e Xeografía de xeito que computan nas actividades dirixidas.
Seminario	Apoio á formación do alumnado, resolvendo as dúbidas en relación coa materia e orientación do seu estudo.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas sobre os contidos da materia, a metodoloxía utilizada para a realización dos exercicios e revisión das probas de avaliación escritas. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (Moovi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en Moovi).
Traballo tutelado	Orientación e seguimento do alumno/a na aprendizaxe dos contidos da materia, atendendo ás consultas relativas ás actividades programadas, con especial atención á orientación e revisión dos traballos tutelados e sistemas de avaliación. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (Moovi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en Moovi).

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Exame de preguntas de desenvolvemento	Valorarase a comprensión e asimilación dos contidos teóricos da materia. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento da Historia, Historia da Arte e Xeografía de Galicia nunha perspectiva comparada. Comparación da Historia e Historia de Arte de Galicia con procesos históricos similares no ámbito peninsular e europeo. Participación en seminarios, previa realización de lecturas, sobre un tema concreto.	40	B1 B2	C5 C12 C19 C25 C26	D6 D7
Traballo	O alumnado deberá elaborar e entregar a través da plataforma Moodle un traballo relacionado coa materia. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Elaboración e presentación, oral e escrita de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en fontes e bibliografía específicas. Interpretación do medio próximo a partir do coñecemento do pasado.	30	A2 A4 A5	B1 C12 C19	D1 D2 D3 D4 D5
Observación sistemática	Valoración do traballo autónomo do alumnado, a través da realización de tarefas relacionadas coas visitas de estudos. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento da Historia, Historia da Arte e Xeografía de Galicia nunha perspectiva comparada. Coñecemento da contorna próxima, local e rexional, e da súa historia.	10		B1 C5 C26	D1
Cartafol/dossier	Informe das saídas de estudo programadas como complemento da materia. Con elo o alumnado dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Coñecemento dos elementos patrimoniais, tanto mobles como inmoables, e da súa relación co territorio.	20		B1 C5 C26	D1

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir e realizar as probas que o profesorado dispoña como imprescindibles. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (Moovi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en MooVi).

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia MooVi, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e a consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. A utilización dos materiais postos a disposición do alumnado a través de MooVi deberá respectar os dereitos de autor/a e serán cualificados cun cero calquera proba ou exame nos que se "copien no sustancial obras alleas, dándoas como propias" (dl-*rae*).

Para todo o alumnado especificaranse en MooVi as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. O seguimento individualizado da participación de cada estudante a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estadísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

Aqueles estudantes que elixan ser avaliados mediante a modalidade de "avaliación global" deberán comunicalo ao profesorado responsable da materia no prazo de 31 día hábiles dende o inicio de cada cuadrimestre (artigo 19.4 do *Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado* da Universidade de Vigo. Serán avaliados dos contidos do programa da material mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio, que representaría un 30% desta.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

AAVV., **Historia del Arte Gallego**, 1ª ed., Alhambra, 1982

AAVV., **A Arte Galega. Estado da cuestión**, 1ª ed., Consello da Cultura Galega, 1990

AAVV., **Galicia. Arte (16 vols.)**, 1ª ed., Hércules ed., 1993

Bibliografía Complementaria

AAVV., **Galicia Renace**, 1ª ed., Xunta de Galicia, 1997

AAVV., **Galicia hoxe**, 1ª ed., Xunta de Galicia, 1997

AAVV., **O século XIX**, 1ª ed., Xunta de Galicia, 1997

AAVV., **Galicia románica e gótica**, 1ª ed., Xunta de Galicia, 1997

AAVV., **Artistas Gallegos. Escultores. Séculos XVI e XVII**, 1ª ed., Nova Galicia, 2004

AAVV., **Artistas gallegos: arquitectos (3 vols.)**, 1ª ed., Nova Galicia, 2002

BANGO TORVISO, Isidro, **Galicia Románica**, 1ª ed., Galaxia, 1987

BARRIOCANAL LÓPEZ, Yolanda, **La actividad escultórica n Ourense. Del Renacimiento al Barroco**, 1ª ed., CSIC-Grupo Marcelo Macías, 2016

BONET CORREA, Antonio, **La arquitectura en Galicia durante el siglo XVII**, 1ª ed., CSIC, 1984

FRANCO MATO, Ángela (coord.), **Patrimonio artístico de Galicia y otros estudios: homenaje al profesor Dr. Serafín Moralejo Álvarez (3 vols.)**, 1ª ed., Xunta de Galicia, 2004

GARCÍA-ALCAÑIZ JUSTE, Julia, **Arquitectura del Neoclásico en Galicia**, 1ª ed., Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1989

GARCÍA IGLESIAS, José Manuel, **La pintura manierista en Galicia**, 1ª ed., Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1986

GOY DIZ, Ana, **Artistas, talleres e gremios en Galicia (1600-1650)**, 1ª ed., Universidad de Santiago, 1958

GOY DIZ, Ana, **A actividade artística en Santiago: 1600-1648**, 2ª ed., Consello da Cultura Galega, 2007

MANSO PORTO, Carmen, **Arte gótica en Galicia: los dominicos**, 1ª ed., Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1993

MONTERROSO MONTERO, Juan Manuel, **A pintura mural nas catedrais galegas: séculos XVI.XVIII**, 1ª ed., Tórculo ed., 2006

SICART JIMÉNEZ, Angel, **Pintura medieval: la miniatura**, 1ª ed., Universidad de Santiago, 1981

VALLE PÉREZ, José Carlos, **La arquitectura cisterciense en Galicia**, 1ª ed., Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1982

VALLE PÉREZ, José Carlos (coord.), **Do tardogótico ó manierismo**, 1ª ed., Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1995

VILA JATO, Mª Dolores, **Escultura manierista en Galicia**, 1ª ed., Caixa de Aforros Provincial de Ourense, 1983

Recomendacións

Outros comentarios

Ao longo do curso entregarase documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través dos cursos Moodle da plataforma TEM@, polo que todos os alumnos/as deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.